



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Tenentes de Alcalde:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretario

D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (22/08/2023)

Dáse conta da acta da sesión constitutiva celebrada o día vinte e dous de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202299900000006 de don Alejandro Martínez García. (Expediente número. 2022/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar, B+1 en Corbeixe, 9 – Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2022/U022/000001), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Carlos Landeira Caamaño, en calidade de arquitecto, sendo Brígida García Couto a arquitecta-técnica e coordinadora de seguridade e saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta. O presuposto de execución material ascende a 200.000,00 euros, e cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50700067.

Dáse conta da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 14/06/2022 (Expdte.: 88/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención no contorno dun ben catalogado polo vixente PXOM.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Deputación Provincial de A Coruña para a construción obxecto do expediente no P.K. 0+240 marxe dereita. Expediente 2022000045421.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente DH.B15.80653 para aproveitamento dun caudal de auga procedente dun pozo e a correspondente inscrición no Rexistro de Augas.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Carlos Landeira Caamaño de data 19/07/2023 e código expediente COAG 2200022.4.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación; estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento e ás preceptivas autorizacións de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Coa comunicación de primeira ocupación deberá xustificarse documentalmente a cesión efectiva e o cumprimento dos requisitos sinalados.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número A-02, de 401,81 m² previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catro mil euros (#4.000,00#).

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.2.- Instancia núm. 202200000000467 de Aguardientes de Galicia, S.A. (Expediente número 2022/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que don Diego Fernández Calviño, en representación de Aguardientes de Galicia, S.L, solicita licenza para obras de nave de almacenaxe e produción de viño de licor en Cubelas, 13 – San Pedro de Sarandón (Expediente núm.: 2022/U022/000014), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal. R-3”, segundo o vixente PXOM.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Con data do 29/09/2023 concedeuse pola Xunta de Goberno Local licenza para obras de nave para almacén de barricas de bebidas espirituosas en industria alimentaria (superficie 1.239,30 m²) en Cubelas, 13 – Sarandón (San Pedro) Vedra, nos termos do proxecto básico asinado por Federico López Taetzel, en calidade de arquitecto, número de visado 2202461,2 de data 29/04/2022, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses a contar dende a data de concesión da licenza. Previo ao inicio das obras e cunha antelación mínima dun mes deberá achegar:

-Proxecto de execución e oficios de dirección técnica.

-Informe, asinado por técnico competente, de cumprimento das condicións sinaladas no informe emitido polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural e do que se lle da traslado.”

Con data do 11/05/2023 a Xunta de Goberno Local acorda, a instancia de José Martí Aixela en representación de Aguardientes de Galicia o cambio da denominación da licenza do expediente 2022/U022/000014, sen que supoña cambios nin na obra proxectada nin na actividade prevista e que virá recollido no proxecto de execución que se presente. A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do cambio de denominación do proxecto autorizado no expediente 2022/U022/000014 que pasa a denominarse “nave de almacenaxe e produción de viño de licor”.

Con data do 06/06/2023 a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga no inicio das actuacións.

Con data do 21/07/2023 e número de rexistro de entrada 202399900000748, achégase o proxecto de execución das actuacións obxecto do expediente nos termos do proxecto básico e de execución denominado “nave para almacenaxe e produción de viño de licor” asinado por Diego Fernández Calviño, enxeñeiro técnico industrial, con data do 18/07/2023 e número de visado V23037, para nave destinada a almacenaxe e produción de viño de licor, con zona de exposición e almacenaxe do equipamento, módulo anexo destinado a servizos e acondicionamento e axardinamento do entorno da edificación.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50602032.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza para as actuacións solicitadas, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será o concedido na prórroga solicitada e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada e que consta no expediente.

Non procede liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras por canto non hai modificacións de presuposto con respecto da liquidación practicada no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/09/2023.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

3º.- Debe achegarse comunicación de inicio da actividade xunto coa documentación técnica precisa e as autorizacións sectoriais pertinentes conforme establece o artigo 9 e seguintes do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro.



2.3.- Instancia de don José Carlos Collazo Sánchez. (Expediente número 2023/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para agrupamento de dúas fincas rústicas e parcelamento en dúas fincas resultantes, emprazadas en Illobre (San Andrés), neste termo municipal, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 17/03/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2.

Dáse conta do informe favorable emitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, Servizo de Infraestruturas Agrarias, con data do 12/07/2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas en Illobre (San Andrés) Vedra, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

2.4.- Instancia de dona Carmen de la Torre Dopazo. (Expediente número 2023/U018/000011)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para agrupamento de dúas parcelas e posterior parcelamento en sete parcelas resultantes e unha parcela de cesión de terreos en Laraño - Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan Carlos Vilariño Santos en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 16/08/2023.

As parcelas atópanse en solo cualificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos Núcleos Rurais. N-1 e Expansión dos núcleos rurais. N-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Laraño - Sales (San Xián) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de catrocentos vinte euros (#420,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 04, de 754 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.5.- Instancia núm. 202399900000844 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2023/U022/000033)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 9,2KW para unha vivenda unifamiliar emprazada en Raxoi, con canalización subterránea de 80 metros de lonxitude, con inicio en PAS e final na CPM do solicitante. RBTS, Lugar Raxoi, s/n (Vedra) con SGD :618522100178. en Raxoi - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2023/U022/000033), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 12.770,48 euros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta tamén da autorización de Adif para as actuacións pretendidas. Expediente REF. 23-0320RC.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 15/11/2022, así como ao contido da autorización sectorial.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos cincuenta e cinco euros con corenta e un céntimos (#255,41#)

2.6.- Instancia núm. 202399900000686 de don Domingo Monteagudo Martín. (Expediente número 2023/U022/000028)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar (PB+1) e peche de parcela en Agrelo, 17 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000028), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1, altura máxima de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



cornixa menor a 7,00 m, e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta; e un presuposto de execución material de 114.000,00 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50701392.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 01/03/2023 (EXPEDIENTE: 3210/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención na contorna de bens catalogados polo vixente PXOM.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Deputación Provincial de A Coruña para as actuacións do expediente e na DP-8902 - SARANDON AL LUGAR DEL SOL P.K. 3+160 marxe dereita. Expediente: 2022000048380.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Deputación Provincial de A Coruña para acceso a finca na DP8902. Expediente 2023000011820.

Dáse conta tamén da proposta de resolución de autorización de vertido de augas residuais emitida por Augas de Galicia. DH.V15.93558.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Previo ao inicio das obras deberán achegarse os oficios de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa, número de visado 2303652/3.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación; estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento e ás preceptivas autorizacións de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. Coa comunicación de primeira ocupación deberá xustificarse documentalmente a cesión efectiva e o cumprimento dos requisitos sinalados.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2, de 73,00 m² e que previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil douscentos oitenta euros (#2.280,00#).

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.7.- Instancia núm. 202399900000863 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2023/U022/000034)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro de 22,17 kw para ampliación de potencia, liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS sobre apoio existente e final na CPM e canalización de 1 metro de lonxitude, RBTS LUGAR PAZOS con SGD: 618523070087 en Pazos, 1 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000034), en solo cualificado polo vixente PXOM como Rústico de especial protección das augas. R-5, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira industrial, cun orzamento provisional de 719,79 euros.

Dáse conta tamén da declaración responsable en Augas de Galicia, expediente DH.W15.95465, que, segundo o comunicado polo órgano autonómico, cumpre.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Susana Casais Pérez e de data 11/08/2023.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.8.- Comunicación de obra de dona Mónica Albor Calviño. (Expediente número 2023/U026/000046)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Mónica Albor Calviño para construción de peche de parcela de 79 metros de largo, con base de bloque, revestido e pintado de 1 metro de alto, e táboa de madeira sen superar os 1,80 metros de alto. Recuarase 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A00400648, emprazada en Cornado, 25 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e sete euros con tres céntimos (#87,03#).

2.9.- Comunicación de obra de don Francisco Javier Cepeda Gacio. (Expediente número 2023/U026/000047)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Francisco Javier Cepeda Gacio para renovación da cuberta da vivenda consistente en retirar a tella e colocar nova tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000200500NH43G, emprazada en Gándara, 15 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección das augas. R-5, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta euros (#160,00#).

2.10.- Comunicación de obra de Clidom Solar, S.L. (Expediente número 2023/U026/000048)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Clidom Solar, S.L para instalación solar fotovoltaica de 5,0 kW de potencia nominal sobre cuberta de edificación.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50120048, emprazada en Laraño, 50 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2 e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e nove euros con noventa e oito céntimos (#199,98#).

2.11.-Comunicación de obra de don José Manuel Dopazo Castro. (Expediente número 2023/U026/000049)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra achegada por José Manuel Dopazo Castro para construción de peche de parcela polo linde este de 30 metros de largo e con base de bloque sen superar os 1,50 metros de alto e postes e arame sen superar 1,80 metros de altura total

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50100256, emprazada en Paradela, 71- Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2 e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, debendo a base bloque revestirse e pintarse.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.12.- Comunicación de obra de dona M^a. del Carmen Suárez Vilas. (Expediente número 2023/U026/000050)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra achegada por M^a del Carmen Suárez Vilas para construción de peche lateral de parcelas con base de bloque revestido e pintado, sen superar os 1,50 m de altura, e postes e arame ata unha altura total que non superará os 1,80 m. Recuarase 6 metros da vía municipal este e 10,50 metros da vía oeste.

